

BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA NO EXERCICIO 2021 NO EIDO DA ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL.

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cohesión e Dinamización Social, ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para cofinanciar parcialmente proxectos e/ou actividades desenvolvidas durante o exercicio económico 2021, consideradas de interese para a promoción económica do municipio ou de utilidade pública para o Concello de Lugo no eido do fomento e da dinamización da actividade económica, empresarial, comercial, do emprego e da hostalería no municipio de Lugo.

Preténdese dar soporte ás entidades que leven a cabo proxectos de fomento, sensibilización, formación, información e asesoramento sobre a cultura emprendedora, a dinamización económica, o aproveitamento de recursos, a posta en valor do territorio, o fomento do emprendemento e a creación de emprego no municipio de Lugo.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias. Requisitos.*

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións as asociacións e entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e así mesmo inscritas nos rexistros correspondentes, que tendo a súa sede e domicilio social en Lugo, teñan recoñecidos nos seus fins estatutarios a realización de actividades de fomento, promoción económica, comercio, formación empresarial e para o emprego, comercial, empresarial, hostalería e/ou creación de emprego a través de proxectos que pretenden a mellora económica do municipio de Lugo e a creación de emprego, autoemprego e creación de empresas do municipio de Lugo e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas obrigatoriamente no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da promoción económica, impulso e fortalecemento do comercio, formación empresarial e para o emprego, comercial, empresarial, impulso e fortalecemento da hostalería, creación de emprego, etc..e que sexan de interese municipal para o desenvolvemento económico do municipio.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de dinamización económica do municipio realizada dende a Área de Cohesión e Dinamización Social – Axencia de Desenvolvemento Local.
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2021.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.
- j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. *Créditos orzamentarios e contía das subvencións*

No orzamento municipal para o exercicio de 2021 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Desenvolvemento Local- Área de Cohesión e Dinamización Social	24100.48900	57.500€

Subvencionarase ata un máximo do 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado. O importe máximo de subvención por asociación ou entidade sen ánimo de lucro, non poderá exceder da cantidade de 2.500 euros.

Artigo 4. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

Vista a natureza das entidades beneficiarias, e no referente á forma de presentación das solicitudes e demais documentación, faise constar a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos, e a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, conforme ao establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no B.O.P. de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Asimesmo publicaranse as Bases na páxina web e no Taboleiro de Anuncios (www.lugo.gal) do Concello de Lugo, debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Lugo.

Artigo 5. *Documentación para achegar coas solicitudes de subvención*

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Solicitude, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar nas diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo desta representación.

- Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención

2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, ou no seu caso (aquelas nas que a cuantía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros) incorporar ao expediente declaración xurada por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 38/2003, General de Subvenciones.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nen está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2021.

- No caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividade ou programa, deberán presentar unha MEMORIA EXPLICATIVA, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc...cunha breve descrición do proxecto a desenvolver segundo o ANEXO II. As entidades deberán limitarse a cumprimentar este Anexo sen engadir máis documentos.

Ao remate do período subvencionado presentárase unha Memoria xustificativa da actividade subvencionada. Comprobarase o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores establecidos no proxecto para o que se solicitou subvención.

- No caso de subvencións solicitadas para financiar gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade, deberáse xuntar unha MEMORIA, segundo o ANEXO III, no que se indicará o equipamento do local, réxime de posesión ou uso, descrición do gasto e xustificación da súa necesidade. As entidades deberán limitarse a cumprimentar este Anexo, sen engadir máis documentos.

- Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a composición da Directiva (nº de homes e nº de mulleres).

- Certificación da secretaría da entidade acreditativa do número de persoas asociadas á entidade.

- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia do departamento de muller e igualdade, se fose o caso.

- Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.

Os interesados deberán aportar ao procedemento administrativo os datos e documentos esixidos polas Administracións Públicas de acordo co disposto na normativa aplicable. Asimesmo, os interesados poderán aportar calquera outro documento que estimen convinte.

Artigo 6. *Procedemento de tramitación e resolución das subvencións*

A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

....p) a **aprobación de bases** (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concurrencia competitiva e convenios reguladores das subvencións nominativas e a aprobación da actualización do Plan Estratéxico de Subvencións.”

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas á Área de Cohesión e Dinamización Social – Axencia Desenvolvemento Local.

O procedemento instruírase pola Axencia de Desenvolvemento Local (Área de Cohesión e Dinamización Social) polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local, **competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os** conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019.

Comisión avaliadora:

Composición:

- Presidenta: Xefa do Servizo.
- Vogais: un traballador adscrito ao Servizo.
- Secretaria: un funcionario/a do Servizo.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

Órgano instrutor, funcións:

- Requirirle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de **SEIS MESES** contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. *Publicidade das subvencións concedidas*

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. *Criterios de valoración e contía da subvención*

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración	Puntuación
Se o proxecto inclúe actividades de fomento da igualdade entre homes e mulleres e que contribúan a combatir a discriminación das mulleres.	1 punto
Cando na composición da directiva exista como mínimo unha porcentaxe de 50% de mulleres.	1 punto
Polo número de persoas asociadas á entidade.	10-25:0,25 puntos 26-50:0,50 puntos +50: 1 punto
Se o proxecto fomenta a dixitalización, o uso das redes sociais e das TIC na actividade subvencionable.	2 puntos

Criterio de valoración	Puntuación
Se o proxecto vai dirixido a colectivos con maiores dificultades de inserción laboral.	3 puntos
Pola inclusión no proxecto de actividades formativas ou de asesoramento ou de orientación empresarial e laboral que teñan como beneficiarios a 50 persoas ou máis.	3 puntos
Se o proxecto contén actividades de dinamización en calquera dos sectores relacionados coa promoción económica.	3 puntos
Puntuación máxima	14 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2021.
2. Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como: alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestuario, prestación de servizos culturais e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, etc. (no caso de que se aporten facturas relativas a combustible ou teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.)

3. Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un máximo do 40% do importe da subvención concedida.
4. Non serán subvencionables:
 - Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
 - Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
 - Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
 - Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
 - As facturas e demais documentos de valor probatorio emitidos por membros da asociación que se subvenciona.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar en **REXISTRO** a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nestas bases como o ANEXO V para actividades e o ANEXO VI para mantemento. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

Deberase acompañar, se é o caso, de exemplar de cada un dos **folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.**

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

No caso de que se xustifique a través de gastos de **desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.** Ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á

actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas, segundo os modelos que figuran nestas bases como ANEXO V para actividades e ANEXO VI para mantemento.

c) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, coa acreditación **do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos iguais o superiores a 2.500,00 €.**

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria en canto á practica de retencións.

d) Declaración responsable; segundo o modelo que figura no ANEXO VII destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas - na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo - como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

e) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Admón Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente (en canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaránse de oficio trala autorización segundo o Anexo I).

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativo ó 10%, refírese ó 10% do orzamento da actividade presentadas con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. **As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.**

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do derito ao cobramento da subvención cando o importe justificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, dacordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.

- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...

- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.

- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2021.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de novembro de 2021**. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requerimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requerimento adicional.

Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS: I, II, III, IV, V, VI e VII.

Para solicitar subvención deberán presentar os anexos I,II,III e IV:

ANEXO I.-Modelo Normalizado de solicitude de subvención

ANEXO II.- Modelo Normalizado de proxecto/memoria a cubrir polas persoas solicitantes de subvencións para o desenvolvemento de programas e actividades co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO III.-Modelo Normalizado para gastos de mantemento de conservación e pequenas reparacións de infraestructuras, co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO IV.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.

Para xustificar a subvención, deberán presentar os ANEXOS V, VI, VII :

ANEXO V.-Modelo Normalizado de Memoria do proxecto realizado constando os gastos e ingresos efectuados levados a cabo para o desenvolvemento do programa ou actividade.

ANEXO VI.- Modelo Normalizado de Memoria cos ingresos e gastos levados a cabo en mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestructuras nas que a entidade desenvolve a súa actuación.

ANEXO VII.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.



CONCELLO DE LUGO

ANEXO I - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DIRIXIDAS ÁS ASOCIACIÓN E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EXERCICIO ECONÓMICO 2021.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:	TELEFONO:	CORREO ELECTRONICO:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:

DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		Nº REXISTRO MUNICIPAL:	
ENDEREZO SOCIAL:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:	TELEFONO:	CORREO ELECTRONICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			
PERTENCE A UNHA FEDERACION/AGRUPACION? <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si (indicar a cal):			

Importe da subvención solicitada (en euros)	
---	--

DATOS DO PROGRAMA PARA O QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:

NOME:

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

Lugo,.....de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

Á solicitude xuntárase a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS.

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante.
- Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- Certificación da conta bancaria da asociación.
- Declaración responsable para os efectos de solicitar a subvención (ANEXO IV).
- Declaración responsable da/o secretaria/o da entidade, co visto e prace da/o presidenta/o da entidade, no que conste a relación de persoas que figuran na Xunta Directiva (homes/mulleres), as diferentes vogalías ou departamentos dela, así como o número de persoas asociadas á entidade.
- Fotocopia do CIF da asociación ou institución que representa
- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.
 - Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia, no do Estado ou en ambos os dous.
 - Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións dependente da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que as acredite como tal.
- Documentación acreditativa das súas normas, fins, obxectivos...

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

Cando os obxectivos das subvencións sexan programas de actividades:

-Memoria do programa de actividades, relación gastos/ingresos (ANEXO II)

Cando o obxecto da subvención sexan os gastos de mantemento e reparación de infraestrutura e equipamento:

- Memoria da necesidade do gasto (ANEXO III).

ANEXO II

MODELO NORMALIZADO DO PROXECTO/MEMORIA A CUBRIR POLAS
PERSOAS SOLICITANTES PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E
ACTIVIDADES CO ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS E INGRESOS
PREVISTOS.

DENOMINACIÓN: _____

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS: (detallar exactamente)

- En qué consiste a actividade para a que se solicita a subvención. _____

-Obxectivos que persegue este proxecto

- Breve explicación dos motivos desta acción

- O proxecto inclúe as seguintes actividades de fomento da igualdade entre homes e mulleres

-O proxecto vai dirixido aos seguintes colectivos con maiores dificultades de inserción laboral.

- O proxecto contén actividades orientadas á dinamización de

- Número de persoas destinatarias (persoas beneficiarias directas):

- Idade aproximada das persoas beneficiarias: _____

- Especificar o número de homes e o de mulleres: _____

- Calendario/ duración do proxecto: _____

- Lugar previsto para a realización das actuacións: _____

- O proxecto fomenta a dixitalización e o uso das redes sociais e das TIC tal e como se expoñe a continuación

- O proxecto inclúe as seguintes actividades formativas, ou de asesoramento ou de orientación empresarial ou laboral que teñen como beneficiarios a 50 ou máis persoas

-Nº de persoas asociadas á entidade é de _____

-Na composición da Directiva existe como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres (marque cunha cruz a opción que proceda):

- SI
- NON

- Recursos previstos para a execución do proxecto:

a) Recursos materiais:

b) Recursos humanos: _____

c) **Recursos económicos (relación totalizada de ingresos:** subvencións/ achega socias/os,etc. da actividade subvencionada) _____

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR: (*)

(*)- Deberá reflexarse no cadro anterior o coste total (desglosado) do proxecto.

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR (*)

(*)- Deberán reflexarse no cadro anterior o total de ingresos desglosados.

Lugo, ____ de _____ de 2021
(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: _____

ANEXO III

MODELO NORMALIZADO A CUBRIR POLAS PERSOAS SOLICITANTES PARA GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUCTURAS CO ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS E INGRESOS PREVISTOS.

-Breve explicación do gasto proposto _____

- Xustificación da necesidade do gasto _____

- Breve descrición das actividades que a entidade vai desenvolver durante o presente exercicio económico:

a) Localización: _____

-Breve descrición do local onde se vai facer o gasto (núm. de m2. núm. de habitáculos, distribución) _____

b) Equipamento actual _____

c) Réxime de posesión ou tenza do local _____

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E
NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR
(*)

(*) - Deberá reflexarse no cadro anterior o coste total desglosado do proxecto.

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE
FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR. (*)

(*) - Deberá reflexarse no cadro anterior o total de ingresos desglosados

Lugo, ____ de _____ de 2021

(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO IV

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a-----provista/o
do NIF nº-----en calidade de (presidenta/e, secretaria/o...) de-----
-----con enderezo social en-----
-----de Lugo e con CIF nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- SI
 NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2021, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO
TOTAL		

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención vaixe efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2021.

Lugo, ____ de _____ de 2021

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: _____

ANEXO V (XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN)

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DO PROXECTO REALIZADO
CONSTANDO OS GASTOS E INGRESOS EFECTUADOS LEVADOS A CABO
PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE DURANTE O
EXERCICIO 2021

- Denominación _____

- Descrición pormenorizada das actuacións levadas a cabo (en que consistiu exactamente a actividade para a que se lle concedeu a subvención)

-Explicar e enumerar todos e cada un dos obxectivos acadados

-Explicar, de ser o caso, as actividades de fomento e igualdade entre homes e mulleres incluídas no proxecto

- Explicar, de ser o caso, que se trata de actuacións dirixidas a colectivos con maiores dificultades de inserción laboral

-Explicar cales foron, no seu caso, os sectores obxecto da dinamización

- Número de destinatarias/os (persoas beneficiarias directas):

- Idade aproximada das persoas beneficiarias que participaron no desenvolvemento da acción subvencionada _____

-Especificar o número de homes e o de mulleres que participaron

- Calendario/ duración do proxecto: _____

- Lugar no que se desenvolveron as actuacións: _____

- Exponer, se é o caso, cómo no proxecto se fomentou a dixitalización e o uso das redes sociais e das TIC

-Explicar, se é o caso, a inclusión de actividades formativas ou de asesoramento ou de orientación empresarial ou laboral que tiveran como beneficiarias a 50 ou máis persoas.

- Recursos utilizados para a execución do proxecto:

a) Materiais:

b) Humanos: _____

c) Económicos (subvencións/achega socias/os): _____

O orzamento presentado no seu día ascendía a _____ €

O orzamento realmente executado ascende a _____ €

Existe (marque cunha cruz a opción que proceda)

SI

NON

unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*) de _____ €. En caso afirmativo especificar os motivos:

-

-

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O
DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA (*)

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A FINANCIACIÓN
DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR (*)

Lugo, ____ de _____ de 2021
(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO VI (XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN)

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA COS INGRESOS E GASTOS LEVADOS A CABO EN MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS NAS QUE A ENTIDADE DESENVOLVE A SÚA ACTUACIÓN NO EXERCICIO ECONÓMICO 2021.

Breve descrición do gasto en mantemento e reparacións

Enumerar e explicar pormenorizadamente todos e cada un dos obxectivos cumpridos

NÚMERO DE BENEFICIARIAS/OS

Nº homes _____

Nº mulleres _____

Breve descrición das actividades desenvolvidas pola entidade durante o ano natural

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA: (*)

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:

Lugo, ____ de _____ de 2021
(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO VII (XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN)

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D.ª/D.-----provisto do
NIF nº-----en calidade de (presidenta/e, secretaria/o,...) de-----
-----con enderezo social en-----
-----de Lugo e con CIF nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI
- NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2021, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía).

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

6.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao ano 2021.

Lugo, ____ de _____ de 2021
(DNI, sinatura e selo da entidade).

Asdo.: _____